



FICHA RESUME

PE 403A 2008/74-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE MOAÑA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), caramuxo (<i>L.littorea</i>).
Ambito do plan	Bancos intermareais entre a Ponte de Rande e praia de Canabal
Subzonas de explotación	Domaio, Borna, Tella, Meira, Xunqueira, O Con, Tiran, praia de Canabal

Mariscadoras/es a pé
126 renovados e 1 en trámite (7.11.2008)

Ampliación do número de permex⁽⁴⁾	NON	
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	150											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de xaneiro a decembro, cunha veda de 2 meses consecutivos entre abril e xuño.											
Modalidade⁽³⁾: A PÉ												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X

Especies	A pé (kg/mariscadora/día)
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa fina	2 kg
Ameixa xaponesa	8 kg
Ameixa bicuda	1 kg
Berberecho	8 kg
Caramuxo	5 kg

Artes a empregar	Sacho, legón, angazo
-------------------------	----------------------

Puntos de control	Pedra da Espiga, Praia de Domaio, praia da Xunqueira (2 puntos), O Con, praia de Canabal, Tirán e lonxa de Meira.
Puntos de venda	Lonxas de Meira e Vigo.

Accións a realizar⁽⁷⁾	Epocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Xunqueira, Meira e Domaio												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

ÁMBITO DO PLAN: Os bancos intermareais da ría de Vigo foron xestionados dende o ano 2000 pola Asociación de confrarías da Ría de Vigo, e anteriormente de xeito conxunto pola O.P.P. 38 actualmente desaparecida, ou a través de plans conxuntos entre esta organización e confrarías.

Os plan presentados pola Asociación de Confrarías da Ría de Vigo, indicaban que todas as mariscadoras (excepto as novas incorporacións do ano 2006) podían traballar en tódolos bancos intermareais, xa que "consideraban tódalas zonas como de libre marisqueo para os integrantes do plan". Sen embargo, na práctica cada confraría ou entidade formulaba as propostas de traballo a través da Asociación, e cada colectivo de mariscadoras traballaba nos bancos intermareais situados no ámbito de cada confraría, excepto nas seguintes zonas nas que exercían a actividade mariscadoras de varias entidades:

- Da Ponte de Rande ata o Peirao de San Adrián: en donde están os bancos de Aradoiro e Calera nos que traballan mariscadoras da confraría de Moaña e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- De Punta Cabalo á pedra dos Caralletes, nos bancos de O Cunchido e Larache e donde traballan as mariscadoras de Arcade e da Asociación de mariscadoras de Vilaboa.
- Illa dos Ratos, banco traballado polas mariscadoras da confraría de Moaña.

Para o ano 2009 as confrarías que integran (ou integraban) a Asociación de confrarías da Ría de Vigo presentan individualmente plans de explotación o que dá lugar por un lado, a solapamentos entre os diversos plans propostos, e a que as entidades (excepto a confraría de Moaña) deixen de considerar todas as zonas como de libre marisqueo para os integrantes do plan, posto que contemplan que só as súas asociadas traballen nos bancos dos seus ámbitos (salvo os casos excepcionais nos que respectan traballos en conxunto).



Visto o exposto, e ante a falta de acordo entre os ámbitos territoriais das distintas entidades que propoñen plans de explotación para o ano 2009, apróbase:

1. Que a zona de Punta Rodeira ata a praia de Canabal sexa sometida a plan específico de explotación. A delegación territorial de Vigo elaborará a proposta de plan para zona de libre marisqueo que incluírá as medidas de xestión que permitan acadar unha óptima produción. As aperturas mensuais do plan de explotación serán autorizadas pola Delegación Territorial, trala petición das entidades interesadas na explotación.
2. Como medida de xestión para evitar a sobreexplotación e estimando que non se socavan dereitos de terceiros dado que:
 - a) na práctica as mariscadoras a pé da confraría de Moaña non traballaban nos ámbitos dos plans que se aproban para o resto das entidades, e
 - b) tendo en conta ademais aspectos sociais e económicos.

Non se acepta a proposta que figura no plan de traballar nos ámbitos dos plans que sexan aprobados a outras entidades. Só no marco dun plan de explotación que abarque as zonas de explotación de tódalas entidades pode manterse o que se pretende, xa que estarían de acordo tódalas partes.

Os plans de explotación que presentaron as distintas entidades para o ano 2009 foron avaliados tendo en conta o esforzo pesqueiro proposto e a avaliación dos recursos presentados, o que se traduce nunha serie de medidas de xestión que serían moi diferentes no caso de que o esforzo fose distinto (superior ou descoñecido).

Polo tanto, o **ámbito do plan de explotación da confraría de Moaña** quedará como: **bancos intermareais entre a Ponte de Rande e praia de Canabal.**

En relación coas **participantes** que figuran no plan, advírtese que as seguintes persoas non teñen o permiso de explotación renovado para o ano 2009:

-
-
-
-
-
-

En relación co **calendario**: considéranse correctos os días propostos no plan, sempre e cando se leve a cabo un **control moi estrito dos tamaños de captura no punto de control e de primeira venda na lonxa.**

Considerase necesaria unha veda de 2 meses consecutivos entre os meses de abril e xuño e establécense as seguintes recomendacións técnicas :

1. A veda de 2 meses consecutivos entre **abril e xuño** é necesaria tendo en conta a distribución do **berberecho** na **Xunqueira**, así como que os meses de primavera e verán son de vital importancia para o desove e a fixación desta especie, recoméndase que a veda sexa polo menos ata o **15 de xuño**, co fin de que ao stock reproductor e as novas fixacións no lles afecten as actividades marisqueiras.
2. Na praia de **A Xunqueira**, para a **ameixa babosa** tamén se recomenda que a veda sexa polo menos ata o **15 de xuño**. A especie non é propia do intermareal e está sometida a grandes mortalidades antes de acadar o tamaño regulamentario, que dificultan a súa xestión, polo que os datos das próximas mostraxes determinarán se é conveniente realizar unha segunda veda entre setembro e Nadal.



Á vista do resultado das últimas mostraxes, redúcense os topes de captura de algunhas especies, quedando tal e como se recolle na presente ficha.

Con respecto á rexeneración das praias de Meira e Xunqueira, non se concretan as actuacións sendo necesario para a súa valoración, a presentación dun proxecto que especifique obxectivos, actuacións e metodoloxía a empregar.

En relación coa proposta de trasladar o berberecho dende a Enseada de San Simón ás praias de Xunqueira e Meira, non pode ser valorada porque non se presenta un plan de traballo no que se indiquen as zonas, cantidades, metodoloxía, participantes e acordo das entidades que xestionan as zonas de produción. Calquera actuación deste tipo non contemplada dentro das condicións nas que se aproba o plan de explotación da entidade de orixe, non poderá ser realizada, mentres estas non se modifiquen.

A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negra o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriro á administración
